



CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PARA PERSOAL SAÍNTE DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+ (KA107)

BASES DA CONVOCATORIA

1.- Obxecto da Convocatoria

A Escola de Arte e Superior de deseño Pablo Picasso da Coruña fai pública a presente convocatoria cuxo obxecto es la concesión de **2 axudas de mobilidade para persoal docente** destinadas a financiar estancias de formación durante o curso 2016/2017 en **países Asociados**, no marco do Programa Erasmus+ KA107.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea (Servizo Español para a Internacionalización da Educación- SEPIE) das **Mobilidades de estudantes e persoal entre países do Programa e países Asociados**.

A mobilidades agora convocadas xestiónanse dentro do **Consortio CARTES** integrado polos seguintes socios:

- ES Conserv. E Restaur. de Bens Culturais de Galicia
- Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Univ. Vigo
- IES Imaxe e Son
- Escola de Artes e Superior de Deseño Pablo Picasso
- Escola de Artes e Superior de Deseño Mestre Mateo
- Escola de Artes e Superior de Deseño Ramón Falcón
- Escola de Artes e Superior de Deseño Antonio Failde
- Escola Superior de Arte do Principado de Asturias
- Escola de Arte de Oviedo
- IES Puerta Bonita
- Facultade Belas Artes. Univ. Complutense
- Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais
- Escola de Arte e Superior de Deseño Corella
- Escola Superior Deseño e Artes Plásticas de Cataluña
- Facultade Belas Artes, Univ. Sevilla
- IES Néstor Almendros
- Real Conservatorio Superior de Música "Victoria Eugenia"



2.- Mobilidades dispoñibles para EASD Pablo Picasso

1 mobilidade para **Xordania**

1 mobilidade para **Albania**

En Xordania hai dúas posibles universidades de destino:

- **The University of Jordan (Amman, Xordania) Facultade de Artes**


- **Al-Balqa Applied University (Al Al-Salt, Xordania)**

Links	Text
> Home Page	
> About Faculty	College was founded obstacle courses in 2001 in response to the Royal directives in the field of higher education and of providing opportunities for university study not build Ardnaa beloved lowest cost and most convenient ways to supplement the southern region cadres qualified scientifically.
> DeanShip	
> Sections:	And in practice has been the opening of college under Royal patronage and was received Regiment The first students at the start of the second semester of the academic year to 2000 - 2001 to accept a single division in the speciality of hotel management and then was initiated specialization management of tourism services at the Undergraduate Level medium in addition to holding a twinning agreement with the Faculty of Khomson Canada in 2001.
> Contact Us	As has been introduced each of the speciality nursing Poster for the academic year 2005/2006 and management of warehouses in the year 2007/2008.

En Albania a universidade de destino é:



- University of Arts (Tirana, Albania)



3.- Requisitos dos solicitantes EASD Pablo Picasso

Poderán participar tódolos profesores que impartan estudos na EASD Pablo Picasso (ensinos superiores de deseño e ensinos profesionais) durante o curso 2016/2017.

En distintas reunións do CARTES, fíxose coma **obxectivo prioritario** destas mobilidades realizar un primeiro contacto cas institucións de destino e ampliar dende estas bases os acordos con outras institucións máis especificamente adaptadas aos diferentes ámbitos docentes dos países participantes no Consorcio. No caso da EASD Pablo Picasso, o **obxectivo específico** é a procura de institucións docentes implicadas nos campos das artes e o deseño. Para isto **os seleccionados** haberán de tomar contacto cas Institucións xa conveniadas e con outras máis especificamente dedicadas á docencia destes ámbitos, tanto nas áreas de destino coma noutras áreas ou países das rexións asignadas ao Consorcio. A finalidade última é asinar convenios con esas Institucións que permitan ao CARTES a ampliación e especificidade dos destinos en vindeiras convocatorias.

4.- Duración da mobilidade

Las mobilidades terán unha duración de **7 días**, e desenvolveranse durante o curso 2016/2017 (Data límite para completar a mobilidade: 30 de setembro de 2017) Por parte da coordinación CARTES establecéronse os seguintes períodos preferentes co fin de coordinar con outros integrantes do Consorcio os fluxos de entrada nos destinos elixidos:

2-8 de abril (para 7 días)	Xordania/Albania
18-24 de xullo (para 7 días)	Xordania/Albania
4 -17 de setembro (para 7 días)	Xordania/Albania



5.- Axuda económica

Los participantes na mobilidade recibirán unha axuda económica para sufragar os custos de manutención durante o período de mobilidade, así coma unha axuda económica para sufragar os custos de viaxe, segundo se especifica a continuación:

- Gastos de aloxamento e manutención:
 - Albania (7 días): 1.120 Euros
 - Xordania (7 días): 1.120 Euros
- Gastos de desprazamento: Calcúlase a partires da distancia entre o lugar de saída e o de destino, tal e como se presenta na seguinte táboa:

DESTINO	DISTANCIAS	Importe
Albania (Tirana)	500-1.999	275 Euros
Xordania (Amman)	3.000-3.999	530 Euros
Xordania (Al Al-Salt)	3.000-3.999	530 Euros

6.-Procedemento de solicitude

Para poder participar no programa de mobilidade Erasmus, os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación na Secretaría do centro:

1. Impreso de solicitude (anexo 1)
2. Acreditación de nivel de idioma
3. Plan de traballo (anexo 2)

Devanditos documentos entregaranse na oficina da EASD do **01 ao 15 de Febreiro de 2017**.

A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento.

Ao asinar a solicitude, o solicitante autoriza o uso dos seus datos relativos a nome, apelidos e destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de novas e na web do centro. A desconformidade con este apartado poderá ser manifestada mediante escrito que será achegado no momento da presentación da solicitude.

7.- Adxudicación das mobilidades

A Comisión de baremación levará a cabo a resolución da convocatoria. Para isto, establecerá unha lista priorizada que seguirá a orde de puntuación obtida na aplicación do baremo tendo en conta o seguinte:

1. A participación por primeira vez no programa de Mobilidade Erasmus.
Puntuación: 3,00 puntos.





2. A participación por segunda vez no programa de Mobilidade Erasmus.
Puntuación: 2,00 puntos.
3. A participación por terceira vez no programa de Mobilidade Erasmus.
Puntuación: 1,00 punto.
4. Presentación de acreditación ou certificación do nivel do idioma inglés:

Nivel B1	1,00 punto
Nivel B2	2,00 puntos
Nivel C1 ou superior	3,00 puntos

5. Valoración do plan de traballo segundo o Anexo 2.
Puntuación: 1,00 punto.

No caso de empate na baremación anterior, este resolverase dando prioridade ao profesorado con maior antigüidade no centro. No caso de que persistise o empate, valorarase a maior antigüidade na función docente.

Os solicitantes, unha vez baremados, pasarán a formar parte dunha lista de seleccionados ordenada de maior a menor puntuación.

Serán adxudicatarios dunha bolsa de mobilidade os integrantes da lista de seleccionados por orde de puntuación.

A coordinadora de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso publicará a resolución definitiva sobre a adxudicación das mobilidades na páxina web e no taboleiro de novas Erasmus da Escola.

Os adxudicatarios, persoal docente do programa de mobilidade Erasmus, adquiren o compromiso de divulgar a súa experiencia ao resto de persoal/estudantes do centro nunha xornada convocada para iso.

8.- Renuncias

A renuncia a unha beca de mobilidade xa adxudicada presentarse por escrito á coordinación ERASMUS da EASD Pablo Picasso.

Son causas xustificadas de renuncia:

- Enfermidade ou accidente grave do adxudicatario.
- Enfermidade grave ou falecemento dun familiar ata segundo grao.
- Cumprimento dun deber público.
- Calquera outra causa suficientemente acreditada a xuízo da Dirección da EASD Pablo Picasso, visto informe da coordinación ERASMUS.

As renuncias inxustificadas supoñen unha penalización para o adxudicatario, que perderá o dereito á concesión dunha beca de mobilidade no curso académico inmediatamente posterior á renuncia.

9.- Prazos de solicitude

O prazo de presentación abrirase o día 01 de Febreiro de 2017 e pecharase o día 15 de Febreiro de 2017. O horario de presentación será de 9,00 horas ás 14,00 horas.





10.- Adxudicatarios: Trámites antes de comezar a estancia

Os adxudicatarios deberán tramitar a solicitude de permiso á Dirección da EASD Pablo Picasso.

Os adxudicatarios deberán proporcionar á coordinación ERASMUS de la EASD Pablo Picasso tódolos datos requiridos para o ingreso da bolsa (Titular, entidade, nº de conta, IBAN)

Os adxudicatarios realizarán tódolos trámites necesarios para se asegurar a cobertura sanitaria durante a estancia e subscribirán unha póliza que cubra accidentes e responsabilidade civil durante a estancia.

11.- Adxudicatarios: Trámites durante a estancia

Os adxudicatarios deben comunicar á coordinación ERASMUS da EASD Pablo Picasso a súa incorporación ao centro de destino.

Os adxudicatarios deben comunicar á coordinación ERASMUS de la EASD calquera incidencia ou cambio nas datas do plan de mobilidade acordado no Acordo de aprendizaxe á maior brevidade posible.

12.- Adxudicatarios: Trámites ao finalizar a estancia

Os adxudicatarios deben entregar á coordinación ERASMUS da EASD un certificado de cumprimento da estancia segundo o modelo normalizado, asinado e datado polo responsable do control da mobilidade do organismo de destino.

A data de certificación terá que ser igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admiten certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.

Os adxudicatarios deben dar a máxima **difusión** ás actividades realizadas durante a súa estancia.



**ANEXO 1
IMPRESO DE SOLICITUDE**

TIPO DE MOBILIDADE (indicando a orde de preferencia cun número do 1 ao 3, en orde descendente e entendendo que a 1 é a súa preferida)	
ORDE DE PREFERENCIA	DESTINO ELIXIDO
Nº:	The University of Jordan (Amman, Xordania) Facultad de Artes
Nº:	Al-Balqa Applied University (Al Al-Salt, Xordania)
Nº	University of Arts (Tirana, Albania)

IDENTIFICACIÓN DO PARTICIPANTE	
Nome do participante	
Apelidos do participante	
Dirección postal do participante	
Correo electrónico do participante	
Teléfono do participante	
Datas elixidas para realizar a mobilidade (véxase apartado datas/fluxos de mobilidades acordados con CARTES)	





ANEXO 2
Plan de traballo

Nome e Apelidos:	
Mobilidade:	
Data estimada:	
Breve descripción da actividade:	